# 2.3.- ECONOMÍA SOCIAL

Baixo o termo de economía social englóbanse tódalas iniciativas empresariais por parte de traballadores, que se constitúen como cooperativas ou sociedades laborais, o autoemprego como traballadores autónomos e a creación de centros de traballo especial para minusválidos.

Atendendo ós datos da Tesorería General da Seguridade Social, o número de traballadores en alta laboral no réxime éspecial de autónomos aumentou en Galicia nun 2,7%, para situarse nos 154,5 miles de traballadores en 1998 (**cadro 7.1.1.**, *Traballadores en alta laboral en Galicia 1997-98: distribución segundo réximes*). Por provincias, A Coruña acolle ó 40,4% do total dos autónomos, mentres o 32,6% corresponde a Pontevedra e un 14,0%, a Ourense.

O número de empresas de economía social (sociedades cooperativas e laborais) a 31 de decembro de 1998 ascendeu, en España, a 29.234, das que 1.020 sociedades, un 3,5%, estaban situadas en Galicia. En conxunto, estas empresas acolleron a un total de 307.278 traballadores, estando a meirande parte dos mesmos (o 63,95% do total) ocupados nas comunidades autónomas de Cataluña, Andalucía, País Vasco e C. Valenciana. En Galicia, a poboación ocupada na economía social foi de 10.111 traballadores, o que supuña o 1,1% da poboación ocupada galega. Esta porcentaxe foi inferior á española, que se situou no 2,33% en 1998 (**cadro 2.3.1.**).

No ano 1998, constituíronse en Galicia 242 sociedades laborais e cooperativas (o 4,02% do total constituido en España), cun total de 1.242 traballadores, que representan o 3,16% dos existentes no conxunto do estado (**cadro 2.3.2.**).

## Cooperativas

En Galicia, tal e como reflicte o **cadro 2.3.3.**, a finais do ano 1998 había un total de 774 cooperativas, que acollían a 8.255 traballadores. Comparada coas outras comunidades autónomas, Galicia tiña o 3,5% das sociedades cooperativas e o 3,4% dos traballadores do conxunto estatal. Como amosa o devandito **cadro 2.3.3.**, prodúcese unha concentración das

CADRO 2.3.1. ***Empresas de economía social nas CC.AA. 1997-98*** **(1)*: número e traballadores***

| | 1997 | | | | 1998 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Sociedades | | Traballadores | | Sociedades | | Traballadores | |
| | número | CA/total | número | CA/total | número | CA/total | número | CA/total |
| **Andalucía** | 4.913 | 18,1 | 44.920 | 15,9 | 5.295 | 18,1 | 50.322 | 16,4 |
| **Aragón** | 923 | 3,4 | 9.195 | 3,2 | 1.057 | 3,6 | 10.083 | 3,3 |
| **Asturias** | 469 | 1,7 | 4.494 | 1,6 | 508 | 1,7 | 4.707 | 1,5 |
| **Baleares** | 238 | 0,9 | 2.192 | 0,8 | 259 | 0,9 | 2.302 | 0,7 |
| **Canarias** | 645 | 2,4 | 8.076 | 2,9 | 756 | 2,6 | 8.809 | 2,9 |
| **Cantabria** | 142 | 0,5 | 1.608 | 0,6 | 148 | 0,5 | 1.629 | 0,5 |
| **Castela - A Mancha** | 1.892 | 7,0 | 16.167 | 5,7 | 2.022 | 6,9 | 17.200 | 5,6 |
| **Castela e León** | 1.497 | 5,5 | 12.732 | 4,5 | 1.643 | 5,6 | 13.451 | 4,4 |
| **Cataluña** | 6.209 | 22,9 | 46.783 | 16,5 | 6.566 | 22,5 | 51.545 | 16,8 |
| **C. Valenciana** | 3.057 | 11,3 | 42.046 | 14,8 | 3.150 | 10,8 | 44.810 | 14,6 |
| **Estremadura** | 909 | 3,4 | 7.381 | 2,6 | 948 | 3,2 | 7.899 | 2,6 |
| **Galicia** | **928** | **3,4** | **9.113** | **3,2** | **1.020** | **3,5** | **10.111** | **3,3** |
| **A Coruña** | | | | | **417** | **40,9** | **3.761** | **37,2** |
| **Lugo** | | | | | **176** | **17,3** | **1.167** | **11,5** |
| **Ourense** | | | | | **176** | **17,3** | **2.449** | **24,2** |
| **Pontevedra** | | | | | **251** | **24,6** | **2.734** | **27,0** |
| **Madrid** | 1.577 | 5,8 | 13.597 | 4,8 | 1.805 | 6,2 | 14.870 | 4,8 |
| **Murcia** | 954 | 3,5 | 9.298 | 3,3 | 1.140 | 3,9 | 10.489 | 3,4 |
| **Navarra** | 541 | 2,0 | 6.536 | 2,3 | 592 | 2,0 | 6.990 | 2,3 |
| **País Vasco** | 1.998 | 7,4 | 47.067 | 16,6 | 2.066 | 7,1 | 49.842 | 16,2 |
| **Rioxa** | 200 | 0,7 | 1.724 | 0,6 | 202 | 0,7 | 1.741 | 0,6 |
| **Ceuta e Melilla** | 52 | 0,2 | 463 | 0,2 | 57 | 0,2 | 478 | 0,2 |
| **Total** | 27.144 | 100,0 | 283.392 | 100,0 | 29.234 | 100,0 | 307.278 | 100,0 |

(1) cooperativas e sociedades laborais a 31 de decembro de cada ano

Fonte: *Dirección General de Fomento de la Economía Social*

CADRO 2.3.2. ***Empresas de economía social constituidas en Galicia e España 1997-98***

| | Galicia | | España | |
|---|---|---|---|---|
| | **1997** | **1998** | **1997** | **1998** |
| **Sociedades** | **152** | **242** | 3.870 | 6.015 |
| **Socios iniciais** | **1.095** | **1.242** | 37.493 | 39.263 |

Fonte: *Dirección General de Fomento de la Economía Social*

sociedades cooperativas nas comunidades de Cataluña, Andalucía, C. Valenciana e País Vasco, que acollen ó 63,7% do total de cooperativas e o 66,9% dos traballadores.

En Galicia, atendendo á desagregación por provincias, A Coruña é a que presenta un maior número de cooperativas, ó acoller 312 sociedades cooperativas e empregar a un total de 2.952 traballadores, o que implica unha media de 9,46 traballadores por cooperativa, cando a media galega é de 10,67 traballadores por sociedade. As provincias de Ourense e Pontevedra presentan unha media superior á galega, con 15,14 e 11,79 traballadores por sociedade cooperativa, respectivamente.

O número de sociedades cooperativas constituidas en 1998 en Galicia ascendeu a 85, cun total de 676 traballadores, o que representou o 4,17% do total de cooperativas constituidas en España. En relación ó ano 1997, o número de sociedades creadas en Galicia descendeu nun 13,27%

CADRO 2.3.3. ***Sociedades cooperativas nas CC.AA. 1997-98*** (1)***: número e traballadores***

| | 1997 | | | | 1998 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Sociedades | | Traballadores | | Sociedades | | Traballadores | |
| | número | CA/total | número | CA/total | número | CA/total | número | CA/total |
| **Andalucía** | 4.349 | 20,2 | 39.168 | 17,2 | 4.498 | 20,3 | 43.872 | 17,9 |
| **Aragón** | 703 | 3,3 | 7.176 | 3,2 | 750 | 3,4 | 7.794 | 3,2 |
| **Asturias** | 274 | 1,3 | 2.836 | 1,2 | 268 | 1,2 | 2.888 | 1,2 |
| **Baleares** | 178 | 0,8 | 1.829 | 0,8 | 171 | 0,8 | 1.829 | 0,7 |
| **Canarias** | 497 | 2,3 | 6.698 | 2,9 | 481 | 2,2 | 6.725 | 2,7 |
| **Cantabria** | 83 | 0,4 | 933 | 0,4 | 87 | 0,4 | 876 | 0,4 |
| **Castela - A Mancha** | 1.408 | 6,5 | 11.847 | 5,2 | 1.414 | 6,4 | 12.375 | 5,1 |
| **Castela e León** | 1.172 | 5,4 | 10.773 | 4,7 | 1.237 | 5,6 | 11.040 | 4,5 |
| **Cataluña** | 5.599 | 26,0 | 38.907 | 17,1 | 5.822 | 26,3 | 43.165 | 17,6 |
| **C. Valenciana** | 2.528 | 11,7 | 36.017 | 15,8 | 2.539 | 11,5 | 38.188 | 15,6 |
| **Estremadura** | 701 | 3,3 | 6.065 | 2,7 | 723 | 3,3 | 6.531 | 2,7 |
| **Galicia** | **750** | **3,5** | **7.605** | **3,3** | **774** | **3,5** | **8.255** | **3,4** |
| **A Coruña** | **308** | **41,1** | **2.826** | **37,2** | **312** | **40,3** | **2.952** | **35,8** |
| **Lugo** | **128** | **17,1** | **798** | **10,5** | **132** | **17,1** | **903** | **10,9** |
| **Ourense** | **144** | **19,2** | **2.091** | **27,5** | **152** | **19,6** | **2.301** | **27,9** |
| **Pontevedra** | **170** | **22,7** | **1.890** | **24,9** | **178** | **23,0** | **2.099** | **25,4** |
| **Madrid** | 790 | 3,7 | 8.264 | 3,6 | 794 | 3,6 | 8.924 | 3,6 |
| **Murcia** | 783 | 3,6 | 7.431 | 3,3 | 844 | 3,8 | 7.755 | 3,2 |
| **Navarra** | 299 | 1,4 | 3.681 | 1,6 | 302 | 1,4 | 3.883 | 1,6 |
| **País Vasco** | 1.212 | 5,6 | 36.451 | 16,0 | 1.244 | 5,6 | 38.729 | 15,8 |
| **Rioxa** | 167 | 0,8 | 1.522 | 0,7 | 165 | 0,7 | 1.506 | 0,6 |
| **Ceuta e Melilla** | 38 | 0,2 | 363 | 0,2 | 42 | 0,2 | 376 | 0,2 |
| **Total** | 21.531 | 100,0 | 227.566 | 100,0 | 22.155 | 100,0 | 244.711 | 100,0 |

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

Fonte: *Dirección General de Fomento de la Economía Social*

CADRO 2.3.4. ***Sociedades cooperativas constituidas nas CC.AA 1997-98: número e socios iniciais***

| | 1997 | | | | 1998 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Sociedades | | Socios iniciais | | Sociedades | | Socios iniciais | |
| | número | CA/total | número | CA/total | número | CA/total | número | CA/total |
| **Andalucía** | 467 | 18,28 | 4.492 | 14,30 | 418 | 20,53 | 3.548 | 14,81 |
| **Aragón** | 66 | 2,58 | 514 | 1,64 | 65 | 3,19 | 543 | 2,27 |
| **Asturias** | 23 | 0,90 | 158 | 0,50 | 24 | 1,18 | 482 | 2,01 |
| **Baleares** | 10 | 0,39 | 66 | 0,21 | 7 | 0,34 | 66 | 0,28 |
| **Canarias** | 72 | 2,82 | 448 | 1,43 | 43 | 2,11 | 359 | 1,50 |
| **Cantabria** | 4 | 0,16 | 35 | 0,11 | 5 | 0,25 | 51 | 0,21 |
| **Castela - A Mancha** | 81 | 3,17 | 2.852 | 9,08 | 47 | 2,31 | 1.080 | 4,51 |
| **Castela e León** | 148 | 5,79 | 1.129 | 3,59 | 117 | 5,75 | 877 | 3,66 |
| **Cataluña** | 897 | 35,11 | 4.686 | 14,91 | 664 | 32,61 | 2.798 | 11,68 |
| **C. Valenciana** | 221 | 8,65 | 12.456 | 39,64 | 148 | 7,27 | 10.374 | 43,32 |
| **Estremadura** | 47 | 1,84 | 511 | 1,63 | 48 | 2,36 | 459 | 1,92 |
| **Galicia** | **98** | **3,84** | **847** | **2,70** | **85** | **4,17** | **676** | **2,82** |
| **A Coruña** | **17** | 17,35 | **118** | 13,93 | **16** | 18,82 | **124** | 18,34 |
| **Lugo** | **17** | 17,35 | **184** | 21,72 | **11** | 12,94 | **102** | 15,09 |
| **Ourense** | **21** | 21,43 | **161** | 19,01 | **17** | 20,00 | **129** | 19,08 |
| **Pontevedra** | **29** | 29,59 | **252** | 29,75 | **29** | 34,12 | **208** | 30,77 |
| **R.A. Galicia** | **14** | 14,29 | **132** | 15,58 | **12** | 14,12 | **113** | 16,72 |
| **Madrid** | 164 | 6,42 | 1.290 | 4,11 | 131 | 6,43 | 948 | 3,96 |
| **Murcia** | 129 | 5,05 | 745 | 2,37 | 117 | 5,75 | 696 | 2,91 |
| **Navarra** | 14 | 0,55 | 87 | 0,28 | 19 | 0,93 | 145 | 0,61 |
| **País Vasco** | 58 | 2,27 | 431 | 1,37 | 46 | 2,26 | 447 | 1,87 |
| **Rioxa** | 8 | 0,31 | 334 | 1,06 | 6 | 0,29 | 79 | 0,33 |
| **Ceuta e Melilla** | 1 | 0,04 | 10 | 0,03 | 2 | 0,10 | 24 | 0,10 |
| **Rexistro Central** | 47 | 1,84 | 331 | 1,05 | 44 | 2,16 | 298 | 1,24 |
| **Total** | 2.555 | 100,00 | 31.422 | 100,00 | 2.036 | 100,00 | 23.950 | 100,00 |

Fonte: *Dirección General de Fomento de la Economía Social*

CADRO 2.3.5.

***Sociedades cooperativas constituidas 1997-98: distribución segundo clase***

***1997***

| | A Coruña | | Lugo | | Ourense | | Pontevedra | | R.A. Galicia | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | número | socios | número | socios | número | socios | número | socios | número | socios | Número | Socios |
| **Traballo asociado** | 9 | 60 | 10 | 77 | 14 | 83 | 23 | 162 | 10 | 61 | 66 | 443 |
| **Consumidores e usuarios** | | | | | | | | | 1 | 8 | 1 | 8 |
| **Vivendas** | 7 | 41 | | | | | 2 | 43 | | | 9 | 84 |
| **Agrarias** | 1 | 17 | 5 | 82 | 5 | 61 | 3 | 42 | 1 | 14 | 15 | 216 |
| **Explotación común da terra** | 1 | 10 | | | | | | | | | 1 | 10 |
| **Servicios** | 1 | 13 | | | 2 | 17 | | | 1 | 8 | 4 | 38 |
| **Transportistas** | | | | | | | 1 | 5 | 1 | 41 | 2 | 46 |
| **Total** | **19** | **141** | **15** | **159** | **21** | **161** | **29** | **252** | **14** | **132** | **98** | **845** |

***1998***

| | A Coruña | | Lugo | | Ourense | | Pontevedra | | R.A. Galicia | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | número | socios | número | socios | número | socios | número | socios | número | socios | Número | Socios |
| **Traballo asociado** | 7 | 53 | 7 | 70 | 13 | 78 | 19 | 110 | 5 | 36 | 51 | 347 |
| **Consumidores e usuarios** | - | - | - | | - | - | 1 | 15 | - | - | 1 | 15 |
| **Vivendas** | 5 | 42 | - | | - | - | 3 | 31 | 2 | 10 | 10 | 83 |
| **Agrarias** | 2 | 19 | 4 | 32 | 3 | 45 | 1 | 5 | 2 | 21 | 12 | 122 |
| **Explotación común da terra** | 1 | 5 | - | | - | - | - | - | 1 | 7 | 2 | 12 |
| **Servicios** | - | 5 | - | | 1 | 6 | 1 | 10 | 2 | 39 | 4 | 60 |
| **Transportistas** | 1 | - | - | | - | - | 3 | 28 | - | - | 4 | 28 |
| **Segundo grao** | - | - | - | | - | - | - | - | - | - | - | - |
| **Outros** | - | - | - | | - | - | 1 | 9 | - | - | 1 | 9 |
| **Total** | **16** | **124** | **11** | **102** | **17** | **129** | **29** | **208** | **12** | **113** | **85** | **676** |

Fonte: *Dirección General de Fomento de la Economía Social*

CADRO 2.3.6.

***Sociedades cooperativas constituidas en Galicia e España 1997-98: distribución segundo sector de actividade***

| | Galicia | | | | España | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1997 | | 1998 | | 1997 | | 1998 | |
| | número | socios | número | socios | número | socios | número | socios |
| **Agrario** | **18** | **224** | **13** | | 312 | 13.709 | 255 | 12.366 |
| **Non agrario** | **80** | **621** | **72** | | 2.243 | 17.713 | 1.781 | 11.584 |
| **Industria** | **24** | **183** | **22** | | 480 | 5.757 | 356 | 2.986 |
| **Construcción** | **16** | **124** | **10** | | 343 | 1.585 | 294 | 1.446 |
| **Servicios** | **40** | **314** | **40** | | 1.420 | 10.371 | 1.131 | 7.152 |
| **Total** | **98** | **845** | **85** | **676** | 2.555 | 31.422 | 2.036 | 23.950 |

Fonte: *Dirección General de Fomento de la Economía Social*

e o seu número de traballadores, nun 20,19%.

Atendendo á clase de cooperativas inscritas e ó número de traballadores, o **cadro 2.3.5.**, reflicte que é na clase "Traballo asociado" onde máis cooperativas hai inscritas, con 51, que representan o 60% do total de cooperativas inscritas en Galicia en 1998. Na provincia de Pontevedra está aproximadamente o 34,1% das cooperativas inscritas en Galicia nese ano.

No que á distribución sectorial das cooperativas se refire, o **cadro 2.3.6.** amosa que, tanto en Galicia como no conxunto do estado, o sector servicios é o máis representado nese tipo de sociedades. Malia esta coincidencia, o peso relativo do sector é inferior en Galicia: mentres que en España as cooperativas de servicios representan o 55,6%, na comunidade galega, a porcentaxe é do 47,1%. O peso relativo das cooperativas do sector agrario en Galicia é superior ó que existe en España: aquí, representa o 15,3% do total de cooperativas galegas, fronte ó 12,5% en España

A industria de confección e peletería é a actividade que acolle máis constitucións de sociedades cooperativas, con 15, 4 máis que no ano anterior, seguida da construcción, con 12, catro menos que en 1997, e a agricultura, gandería, caza e actividades relacionadas, con 11, dúas menos que en 1997, segundo os datos recollidos no **cadro 2.3.7.**

## Sociedades laborais

O número de sociedades laborais en España era, ó remate de 1998, de 7.079 empresas (SA e SL), un 26,1% superior ó existente ó ano anterior. Estas sociedades concéntranse especialmente nas comunidades de Madrid, País Vasco, Andalucía, Cataluña e C. Valenciana, que agrupan ó 56,3% do total. A devandita concentración ten a súa correspondencia no emprego, xa que esas cinco comunidades acaparan o 61,6% dos postos de traballo.

Galicia tiña, no mesmo período, 246 sociedades laborais en alta na Seguridade Social, un 3,5% do total estatal. No eido do emprego, as sociedades laborais galegas tiñan 1.856 traballadores e traballadoras, mentres que o número de ocupados no conxunto do estado foi de 62.567 traballadores.

No ano 1998, constituíronse en Galicia un total de 157 sociedades laborais, que agruparon a 566 socios. Tal e como

CADRO 2.3.7. ***Sociedades cooperativas constituidas 1998: distribución por actividade económica e número de socios***

| | A Coruña | | Lugo | | Ourense | | Pontevedra | | Rexistro Central | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Número | Socios | Número | Socios | Número | Socios | Número | Socios | Número | Socios | Número | Socios |
| **Agricultura, gandería, caza e serv. relacionados** | 1 | 12 | 4 | 32 | 3 | 45 | 1 | 5 | 2 | 13 | 11 | 107 |
| **Silvicultura, explt. forestais e serv. relacionados** | | | | | 1 | 5 | | | | | 1 | 5 |
| **Industria do tabaco** | | | | | | | | | 1 | 7 | 1 | 7 |
| **Industria téxtil** | | | | | | | 1 | 5 | | | 1 | 5 |
| **Industria de confección e peletería** | 1 | 20 | 3 | 41 | 6 | 35 | 3 | 17 | 2 | 15 | 15 | 128 |
| **Industria da madeira e cortiza (agás mobles)** | | | | | | | | | 1 | 14 | 1 | 14 |
| **Industria química** | 1 | 5 | | | | | | | | | 1 | 5 |
| **Fabric. de maquinaria e material eléctrico** | | | | | 1 | 12 | | | | | 1 | 12 |
| **Construcción** | 5 | 42 | | | | | 5 | 42 | 2 | 10 | 12 | 94 |
| **Venda repar. vehículos motor, venta miudo combustibles** | | | 1 | 5 | | | 1 | 5 | | | 2 | 10 |
| **Comercio por xunto e intermediarios agás vehículos motor** | | | | | | | 3 | 20 | 2 | 39 | 5 | 59 |
| **Transporte terrestre, transporte por tubos** | 2 | 10 | | | 1 | 5 | 2 | 19 | | | 5 | 34 |
| **Activ. anexas ós transportes; axencias de viaxe** | | | 1 | 5 | 1 | 6 | 2 | 14 | | | 4 | 25 |
| **Outras actividades empresariais** | 1 | 5 | | | 1 | 5 | 1 | 5 | | | 3 | 15 |
| **Educación** | | | 1 | 5 | | | 3 | 30 | | | 4 | 35 |
| **Actv. sanitarias e veterinarias, servicios sociais** | 3 | 18 | | | 3 | 16 | 3 | 16 | 1 | 10 | 10 | 60 |
| **Actv.recreativas, culturais e deportivas** | | | | | | | 2 | 20 | | | 2 | 20 |
| **Actv. diversas de servicios persoais** | 1 | 5 | 1 | 14 | | | 2 | 10 | 1 | 5 | 5 | 34 |
| **Total** | 15 | 117 | 11 | 102 | 17 | 129 | 29 | 208 | 12 | 113 | 84 | 669 |

Fonte: *Dirección Xeral de Relacións Laborais*

CADRO 2.3.8. ***Sociedades laborais nas CC.AA. 1997-98** (1): **número e traballadores***

| | 1997 | | | | 1998 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Sociedades | | Traballadores | | Sociedades | | Traballadores | |
| | número | CA/total | número | CA/total | número | CA/total | número | CA/total |
| **Andalucía** | 564 | 10,0 | 5.703 | 10,2 | 797 | 11,3 | 6.450 | 10,3 |
| **Aragón** | 220 | 3,9 | 2.001 | 3,6 | 307 | 4,3 | 2.289 | 3,7 |
| **Asturias** | 195 | 3,5 | 1.649 | 3,0 | 240 | 3,4 | 1.819 | 2,9 |
| **Baleares** | 80 | 1,4 | 362 | 0,6 | 88 | 1,2 | 473 | 0,8 |
| **Canarias** | 148 | 2,6 | 1.378 | 2,5 | 275 | 3,9 | 2.084 | 3,3 |
| **Cantabria** | 59 | 1,1 | 672 | 1,2 | 61 | 0,9 | 753 | 1,2 |
| **Castela - A Mancha** | 464 | 8,3 | 4.353 | 7,8 | 608 | 8,6 | 4.825 | 7,7 |
| **Castela e León** | 325 | 5,8 | 2.019 | 3,6 | 406 | 5,7 | 2.411 | 3,9 |
| **Cataluña** | 610 | 10,9 | 7.872 | 14,1 | 744 | 10,5 | 8.380 | 13,4 |
| **C. Valenciana** | 529 | 9,4 | 6.013 | 10,8 | 611 | 8,6 | 6.622 | 10,6 |
| **Estremadura** | 208 | 3,7 | 1.301 | 2,3 | 225 | 3,2 | 1.368 | 2,2 |
| **Galicia** | **178** | **3,2** | **1.458** | **2,6** | **246** | **3,5** | **1.856** | **3,0** |
| **A Coruña** | **85** | **47,8** | **634** | **43,5** | **105** | **42,7** | **809** | **43,6** |
| **Lugo** | **21** | **11,8** | **182** | **12,5** | **44** | **17,9** | **264** | **14,2** |
| **Ourense** | **15** | **8,4** | **128** | **8,8** | **24** | **9,8** | **148** | **8,0** |
| **Pontevedra** | **57** | **32,0** | **514** | **35,3** | **73** | **29,7** | **635** | **34,2** |
| **Madrid** | 787 | 14,0 | 5.369 | 9,6 | 1.011 | 14,3 | 5.946 | 9,5 |
| **Murcia** | 171 | 3,0 | 1.904 | 3,4 | 296 | 4,2 | 2.734 | 4,4 |
| **Navarra** | 242 | 4,3 | 2.847 | 5,1 | 290 | 4,1 | 3.107 | 5,0 |
| **País Vasco** | 786 | 14,0 | 10.584 | 19,0 | 822 | 11,6 | 11.113 | 17,8 |
| **Rioxa** | 33 | 0,6 | 198 | 0,4 | 37 | 0,5 | 235 | 0,4 |
| **Ceuta e Melilla** | 14 | 0,2 | 100 | 0,2 | 15 | 0,2 | 102 | 0,2 |
| **Total** | 5.613 | 100,0 | 55.783 | 100,0 | 7.079 | 100 | 62.567 | 100 |

(1) datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: *Dirección General de Fomento de la Economía Social*

CADRO 2.3.9. ***Sociedades laborais rexistradas nas CC.AA. 1997-98: número e socios iniciais***

| | 1997 | | | | 1998 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Sociedades | | Socios iniciais | | Sociedades | | Socios iniciais | |
| | número | CA/total | número | CA/total | número | CA/total | número | CA/total |
| **Andalucía** | 90 | 6,84 | 583 | 9,60 | 617 | 15,51 | 2.681 | 17,51 |
| **Aragón** | 56 | 4,26 | 236 | 3,89 | 196 | 4,93 | 717 | 4,68 |
| **Asturias** | 54 | 4,11 | 204 | 3,36 | 122 | 3,07 | 431 | 2,81 |
| **Baleares** | 23 | 1,75 | 86 | 1,42 | 39 | 0,98 | 128 | 0,84 |
| **Canarias** | 74 | 5,63 | 330 | 5,44 | 236 | 5,93 | 809 | 5,28 |
| **Cantabria** | 16 | 1,22 | 82 | 1,35 | 23 | 0,58 | 98 | 0,64 |
| **Castela - A Mancha** | 117 | 8,90 | 523 | 8,61 | 296 | 7,44 | 1.109 | 7,24 |
| **Castela e León** | 78 | 5,93 | 312 | 5,14 | 248 | 6,23 | 900 | 5,88 |
| **Cataluña** | 137 | 10,42 | 588 | 9,69 | 484 | 12,16 | 1.778 | 11,61 |
| **C. Valenciana** | 119 | 9,05 | 495 | 8,15 | 380 | 9,55 | 1.412 | 9,22 |
| **Estremadura** | 57 | 4,33 | 258 | 4,25 | 51 | 1,28 | 187 | 1,22 |
| **Galicia** | **54** | **4,11** | **248** | **4,08** | **157** | **3,95** | **566** | **3,70** |
| **A Coruña** | | | | | **75** | **47,8** | **256** | **45,2** |
| **Lugo** | | | | | **20** | **12,7** | **75** | **13,3** |
| **Ourense** | | | | | **22** | **14,0** | **86** | **15,2** |
| **Pontevedra** | | | | | **40** | **25,5** | **149** | **26,3** |
| **Madrid** | 224 | 17,03 | 906 | 14,92 | 579 | 14,55 | 2.177 | 14,22 |
| **Murcia** | 38 | 2,89 | 161 | 2,65 | 262 | 6,58 | 966 | 6,31 |
| **Navarra** | 50 | 3,80 | 230 | 3,79 | 77 | 1,94 | 294 | 1,92 |
| **País Vasco** | 119 | 9,05 | 763 | 12,57 | 193 | 4,85 | 987 | 6,45 |
| **Rioxa** | 6 | 0,46 | 43 | 0,71 | 17 | 0,43 | 64 | 0,42 |
| **Ceuta e Melilla** | 3 | 0,23 | 23 | 0,38 | 2 | 0,05 | 9 | 0,06 |
| **Total** | 1.315 | 100 | 6.071 | 100 | 3.979 | 100 | 15.313 | 100 |

Fonte: *Dirección General de Fomento de la Economía Social*

CADRO 2.3.10. **_Sociedades laborais rexistradas 1997-98: distribución sectorial_**

| | Galicia | | | | España | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1997 | | 1998 | | 1997 | | 1998 | |
| | Número | Socios | Número | Socios | Número | Socios | Número | Socios |
| **Agrario** | - | - | 4 | 14 | 22 | 83 | 95 | 344 |
| **Non agrario** | 54 | 249 | 153 | 552 | 1.293 | 5.988 | 3.884 | 14.969 |
| Industria | 17 | 113 | 26 | 103 | 294 | 1.713 | 710 | 3.564 |
| Construcción | 3 | 11 | 17 | 71 | 173 | 707 | 610 | 2.195 |
| Servicios | 34 | 125 | 110 | 378 | 826 | 3.568 | 2.564 | 9.210 |
| **Total** | 54 | 249 | 157 | 566 | 1.315 | 6.071 | 3.979 | 15.313 |

Fonte: *Dirección General de Fomento de la Economía Social*

CADRO 2.3.11. **_Sociedades laborais constituidas 1998: socios e capital social segundo actividade económica_**

| | Sociedades | Socios | | Capital social | % Capital social | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | de traballo | de capital | | traballadores | non traballadores |
| Agricultura, gandería , caza e serv. relacionados | 1 | 2 | 2 | 7.000.000 | 51 | 49 |
| Silvicultura, explt. forestais e serv. relacionados | 2 | 4 | 3 | 1.001.000 | 60 | 40 |
| Pesca, acuicultura e serv. relacionados | 1 | 2 | 1 | 501.000 | 67 | 33 |
| Extracc. minerais non metálicos nin enerxéticos | 1 | 2 | 2 | 600.000 | 67 | 33 |
| Industria de productos alimenticios e bebida | 3 | 9 | 2 | 22.501.000 | 89 | 11 |
| Industria da confección e peletería | 3 | 8 | 4 | 1.620.000 | 67 | 33 |
| Industria da madeira e cortiza (agás mobles) | 2 | 4 | 2 | 1.200.000 | 67 | 33 |
| Edición artes gráficas e reprod. soportes gravados | 4 | 9 | 4 | 10.600.000 | 75 | 25 |
| Fabricación de productos de caucho e materias plásticas | 1 | 3 | 4 | 14.000.000 | 60 | 40 |
| Fabric. productos metálicos agás maquinaria e equipo | 5 | 15 | 7 | 20.601.000 | 76 | 24 |
| Inds. construcción de maquinaria e equipo mecánico | 1 | 2 | 4 | 3.100.000 | 66 | 34 |
| Fabricación de maquinaria e material eléctrico | 1 | 2 | 2 | 500.000 | 60 | 40 |
| Fabric. doutro material de transporte | 1 | 7 | | 7.000.000 | 100 | |
| Fabric. mobles: outras indus. manufactureiras | 5 | 14 | 3 | 4.870.000 | 90 | 10 |
| Construcción | 15 | 40 | 24 | 21.966.000 | 69 | 31 |
| Venda repar. vehículos motor, venta miúdo combustible | 19 | 59 | 15 | 48.552.001 | 80 | 20 |
| Comercio por xunto e intermediarios agás vehículos motor | 14 | 36 | 15 | 20.357.000 | 76 | 24 |
| Comerc. polo miúdo agás vehíc. motor, reparac. domestic. | 24 | 54 | 29 | 28.440.000 | 71 | 29 |
| Hostelería | 12 | 28 | 11 | 7.144.000 | 73 | 27 |
| Transporte terrestre: transporte por tubos | 3 | 8 | 1 | 18.500.001 | 89 | 11 |
| Transporte marítimo, de cabotaxe e interior | 1 | 2 | 1 | 1.500.000 | 67 | 33 |
| Correos e telecomunicacións | 1 | 2 | 2 | 600.000 | 66 | 34 |
| Interm. financeira. agás seguros e plans de pensións | 1 | 3 | | 999.000 | 100 | |
| Seguros e plans de pensión, agás S.S.O. | 1 | 2 | 1 | 6.000.000 | 67 | 33 |
| Actv. inmobiliarias | 3 | 7 | 2 | 2.700.000 | 78 | 22 |
| Actv. informáticas | 4 | 9 | 3 | 3.217.500 | 75 | 25 |
| Outras actividades empresariais | 13 | 29 | 16 | 21.722.000 | 70 | 30 |
| Educación | 6 | 19 | 1 | 7.910.000 | 95 | 5 |
| Actv. sanitarias e veterinarias, servicios sociais | 4 | 10 | 2 | 4.910.000 | 82 | 18 |
| Actv. recreativas, culturais e deportivas | 1 | 4 | 2 | 500.000 | 52 | 48 |
| Actv. diversas de servicios persoais | 4 | 9 | 3 | 3.114.000 | 75 | 25 |
| Total | **157** | **404** | **168** | **293.225.502** | 74 | 26 |

Fonte: *Dirección Xeral de Relacións Laborais*

reflicte o **cadro 2.3.10.**, a meirande parte das sociedades laborais en Galicia concéntranse nos sectores non agrarios –153 sociedades– e, principalmente, no sector servicios, que acolle un 70% do total de sociedades laborais rexistradas en Galicia.

No eido do estudio sectorial, o **cadro 2.3.11.** amosa que é na actividade de "Comercio polo miúdo agás vehículos a motor, reparacións domésticas" onde máis sociedades laborais se constituíron, 24, seguida da actividade de "Venda e reparación de vehículos de motor, venda polo miúdo de combustible", con 19. Nunha clasificación atendendo ó capital social, o primeiro posto estaría ocupado pola "Venda e reparación de vehículos de motor, venda polo miúdo de combustible", seguido polo "Comercio polo miúdo agás vehículos de motor e reparacións domésticas".